



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia económica de España

Materia	Historia económica de España			
Código	V03G100V01906			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Facal Rodríguez, María Jesús Isabel			
Profesorado	Facal Rodríguez, María Jesús Isabel			
Correo-e	cfacal@uvigo.es			
Web	http://cfacal.webs.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia de Historia Económica España ten por obxecto aproximar ao estudantado de Economía no estudo de longo prazo. Así, ten por obxecto analizar as variables económicas e institucionais que inflúen sobre a ritmo de crecemento económico español no longo prazo. As características e tendencias máis relevantes da economía española dos séculos XIX e XX. A constatación dos procesos de converxencia ou diverxencia respecto a Europa.			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C4	Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica
C7	Comprender o entorno empresarial
C8	Habilidades na procura, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
D1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
D2	Capacidade de traballar en equipo
D3	Espírito emprendedor e capacidade de liderado, incluíndo empatía co resto de persoas
D4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D6	Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
- Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas.	C2
- Coñecer o marco institucional da economía.	C3
Coñecer o perfil cambiante das institucións e axentes que influíron nos resultados da economía española contemporánea: Estado, particulares e empresas e sector exterior (outras nacións)	C3
- Capacidade para situar a economía na súa evolución histórica.	C4
Identificar as etapas da evolución económica da España contemporánea e as súas principais características	C4
Comprender as bases de funcionamento da economía en cada unha das etapas significativas do desenvolvemento económico contemporáneo.	C4 C9

- Habilidades na busca, identificación e interpretación de fontes de información económica relevante e o seu contido			C8
Coñecer e manexar a materia prima para estudar a Historia Económica española: estatísticas e fontes documentais fundamentais			C4 C8
Analizar series históricas e inferir os comportamentos dos principais axentes económicos ante a evolución real (ou hipotética) das variables económicas			C4 C8 C9
Fomentar a actitude crítica e autocrítica			D1 D7
Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais, éticos e medioambientais	A3	C7 C9	D1
- Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos			D3 D4
Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto oral coma escrita, no idioma propio e nunha lingua extranxeira	A4		D5 D6
- Capacidade de traballar en equipo, con responsabilidade, planificación, espírito de cooperación e empatía co resto de persoas do colectivo.	A4		D2 D4

Contidos

Tema

1. Perspectiva do Crecemento e desenvolvemento económico español (séculos XIX e XX)	Introducción. Condicións do desenvolvemento económico español. Perspectiva e rasgos principais das etapas do crecemento económico en España.
2.A crise do antigo réximen e a revolución liberal-burguesa (1789-1840)	Os principais desequilibrios da economía española a principios do Seculo XIX. Resposta da economía española ante a crise. Política de reformas e cambio institucional.
3. O Estado liberal e o arranque da industrialización (1840-1890)	Factores de desenvolvemento e limitacións nos principais sectores industriais. O cambio agrario e os problemas estruturais. A formación do mercado nacional. A apertura da economía española.
4.A consolidación da industrialización (1890-1936)	A viraxe nacionalista (1891-1914). A Segunda Revolución Industrial en España. A Idade de Prata da economía española (1914-1936).
5. A economía durante a Guerra Civil e o franquismo (1936-1973)	A economía na Guerra Civil española. A economía no primer franquismo: Autarquía (1939-1951). A industrialización substitutiva de importacions (1951-1959). A liberalización e desenvolvemento económico baixo a dictadura (1959-1973).
6. A economía española entre 1973-2010	Crise económica e transición política (1973-1985). Integración na Unión Europea (1986-1996). Novo ciclo de crecemento económico, crise e globalización (1996-2010).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	45	75
Seminarios	15	30	45
Titoría en grupo	5	2	7
Probas de resposta curta	1	6	7
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	15	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Dúas horas semanais. Mediante esta metodoloxía, co apoio audiovisual, presentarase de maneira sintética, secuencial e motivadora os aspectos claves dos contidos fundamentais da materia. As primeiras sesións estarán dedicadas a ofrecer unha visión panorámica da materia e conceptos básicos de historia económica; as restantes sesións estarán destinadas a exposición do temario. A pesar de que o método destas sesións é fundamentalmente expositivo, promoverase a participación activa do estudantado.
Seminarios	Realízanse 6 (duración por sesión 2h,30'). Concíbese como un proceso de aprendizaxe continuado. É una instancia para socializar, depurar, sintetizar os coñecementos adquiridos na preparación da sesión. Esixirá un traballo previo a sesión, que consistirá na lectura de un tema sinalado, así como a elaboración de un pequeno documento con as ideas e argumentacións máis relevantes da lectura. O obxectivo da sesión será a comprensión da lectura, a exposición, e debate dos contidos da mesma.
Titoría en grupo	Realízanse 2 sesións de titoría en grupo (duración 2h,30' cada unha). A profesora seleccionará previamente cuestións clave dos contidos da materia, a tratar pola súa importancia ou dificultade. O alumnado deberá elaborar para estas sesións un esquema de dúbidas e preguntas sobre esas cuestións clave. Tamén servirán estas sesións para resolver dúbidas xerais sobre os contidos ou as prácticas da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As dúbidas non resoltas na aula expóñense nas horas de titoría no despacho da profesora (nº 431).
Seminarios	Dúbidas xurdidas coas lecturas e nas actividades das sesións de seminario, atenderanse de modo individualizado en horas de titoría no despacho da profesora (nº 431).
Titoría en grupo	Cada grupo práctico terá dúas sesións de titoría en grupo. Para cada unha destas sesións a profesora exporá cuestións clave da materia, en función da súa importancia ou dificultade. O alumnado deberá elaborar un esquema de dúbidas e preguntas sobre esas cuestións clave. Tamén estas sesións servirán para resolver dúbidas xerais sobre os contidos ou as prácticas da materia.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminarios	A través dos seis seminarios: Avaliaranse os traballos prácticos, consistentes na lectura dun tema ou parte dun tema, na redacción dun informe ou síntese, e na súa exposición e defensa Evaluarase a coherencia e calidade do traballo, esquema, síntesis ou mapa conceptual, ou a valoración dos exercicios (comentario e análise de gráficos, series estatísticas ou textos, a resolución de cuestións e problemas). Valorarase a calidade formal dos traballos realizados, a corrección sintáctica e gramatical e o uso axeitado da metodoloxía propia da investigación (ou estudo riguroso dunha materia ou dun tema). Valorarase a asistencia, a participación, o cumprimento, a aptitude, os aspectos formais (redacción, sintaxis, ortografía, etc.). Así coma a expresión oral.	24	A3 A4	C2 C3 C4 C7 C8 C9	D1 D2 D4 D5 D6 D7
Titoría en grupo	Nas dúas sesións de titoría de grupo, valorarase a presentación dun esquema de dúbidas e preguntas, a capacidade de formulación de dúbidas e preguntas significativas ou a resolución das mesmas.	6	A3 A4	C8 C9	D1 D2 D4 D5 D7

Probas de resposta curta	Estas probas realizaranse no examen final.	20	A3	C2 C3 C4 C7	D5 D7
	Valorarase as respostas sintéticas sobre preguntas relacionadas coas prácticas dos seminarios.				
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Estas probas realizaranse no examen final.	50	A3 A4	C2 C3 C4 C7 C8 C9	D5 D7
	Avaliaranse os coñecementos sobre os contidos teóricos da materia.				
	Valorarase que as respostas esten estruturadas, razoadas correctamente.				
	Valorarase a redacción correcta, clara e comprensible.				

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A avaliación contida nesta guía docente está dirixida a alumnas e alumnos de **ensinanza presencial**.
2. A titoría en grupo é de **asistencia obrigatoria**.
3. Seminarios son actividades de **asistencia obrigatoria**.
4. En conxunto, seminarios e titoría en grupo, deben completar **sete sesións de asistencia, como requisito que o alumnado debe cumprir para seren avaliada/o por esta actividade**.

5. A nota final resulta de:

A) Un exame final no que se valoran o coñecemento dos contidos e as habilidades adquiridas durante o curso:

- a.1) Por preguntas de resposta larga sobre as sesións maxistras: 50% da nota final.
- a.2) Por preguntas de resposta curta, relacionadas coas lecturas realizadas para os seminarios: 20% da nota final.

B) Polos traballos prácticos e participación desenvolvidos nas 6 sesións seminarios: 24 % da nota final. Sempre que, ademais, a/o alumna/o, **obteña un 5 no examen final**.

C) Pola presentación dun esquema de dúbidas ou preguntas sobre cuestións claves, nas 2 sesións de titoría de grupo: 6% da nota final. Sempre que, ademais, a/o alumna/o, **obteña un 5 no examen final**.

6. A cualificación correspondente á avaliación continua (traballos prácticos en seminarios, presentación de dúbidas ou preguntas nas titorías de grupo) gardarase para todas as convocatorias do presente ano académico.
7. Avaliación de Xullo: seguirá os mesmos criterios que os do examen final.
8. Para o alumnado que renuncie á ensinanza presencial: o 100% da nota final obterase mediante un examen final escrito.
9. Datas e horarios das probas de avaliación final:

<http://fccee.uvigo.es/calendario-exames-201415.html>

Bibliografía. Fontes de información

Carreras, Albert; Tafunell, Xavier, **Historia Económica de la España Contemporánea (1789-2009)**, 2010, 2ª edición corregida y ampliada,
 Maluquer de Motes, J, **La economía española en perspectiva histórica.**, 2014,
 Tortella, G y Nuñez, C.E., **El desarrollo de la España contemporánea. Historia económica de los siglos XIX y XX.**, 2011,

Obras xerais:

- Broder, A., *Historia económica de la España contemporánea*, Madrid: Alianza, 2000.
- Fusi, J.P. e Palafox J., *España: 1808-1996. El desafío de la modernidad*, Madrid: Espasa, 1997.
- González Enciso, A. y Mates J.M., *Historia Económica de España*, Madrid: Ariel Economía, 2006.
- Barciela, C., López I., Melgarejo J. y Miranda J. A., *La España de Franco (1939-1975)*, colec. Historia de España tercer milenio, Madrid: Síntesis, 2001.

Gallego, D., Germán, L., Pinilla, V. (eds.), *Estudios sobre el desarrollo económico español*, Zaragoza: Prensas Universitarias de Zaragoza, 2016.

Núñez, C.E., *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo en la España contemporánea*, Madrid, Alianza, 1992.

Prados de la Escosura, L., *El progreso económico de España (1850-2000)*, Bilbao, Fundación BBVA, 2003.

Sánchez Albornoz, N. (comp.), *La modernización económica de España, 1830-1930*, Madrid: Alianza, 1985-1987.

Estadísticas Históricas:

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia: Historia económica/V03G100V01103

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Políticas económicas comparadas/V03G100V01605

Comercio internacional/V03G100V01701

Economía da Unión Europea/V03G100V01903

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Economía: Economía mundial/V03G100V01202

Economía: Técnicas de economía aplicada/V03G100V01105

Estatística: Estadística I/V03G100V01205

Economía española/V03G100V01301

Macroeconomía I/V03G100V01503

Política económica/V03G100V01504

Técnicas cuantitativas para a análise económica/V03G100V01914

Outros comentarios

1. Aconséllase un traballo regular, sistemático, ao longo do cuadrimestre, tanto no referente aos contidos teóricos, transmitidos nas clases maxistras como nos traballos de seminario.

2. Os alumnos e alumnas terán en conta que se avaliará, por un lado, a participación nos seminarios e titorías en grupo (30% da nota final), e por os coñecementos adquiridos a través do exame final (70% da nota final).

3. Na parte práctica como na teórica, será especialmente tido en conta o interese demostrado e a calidade das intervencións, ben sexa dentro dos grupos de traballo que se formen, ben individualmente.

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se levan a cabo co alumnado na materia, e concíbese de forma flexible. En consecuencia, pode requirir reaxustes ao longo do curso académico, promovidos pola dinámica da clase e do grupo de destinatarios real, ou pola relevancia das situacións que poidesen xurdir.

Así mesmo, achegaraselle ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo. Utilizarase para elo a plataforma TEMA (CLAROLINE) en fatic.uvigo.es.
